

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

Corrección de erros.-Resolución do 19 de novembro de 2009, da Secretaría Xeral para o Deporte, pola que se conceden subvencións aos concellos ao abeiro da Resolución do 30 de xullo de 2009 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións a concellos de Galicia, en réxime de concorrencia competitiva, para a realización de obras de construción, mellora, acondicionamento e reforma de instalacións e espazos deportivos e para a adquisición de equipamentos deportivos e pola que se convocan as correspondentes ao ano 2009.

Advertido erro na contía da subvención outorgada ao Concello de Padrón para as finalidades previstas no punto b) do artigo 2º da resolución de convocatoria (equipamentos) na citada resolución, publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 231, do 25 de novembro de 2009, debe facerse a seguinte corrección: onde di: «10.000 €», debe dicir: «11.600 €».

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

Orde do 3 de marzo de 2010 pola que se modifica o artigo 6 do anexo III da Orde do 24 de xuño de 2009 (Diario Oficial de Galicia do 6 de xullo) pola que se establecen as bases para a convocatoria, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións correspondentes aos programas sectoriais de investigación aplicada, Peme I+D e I+D Suma do Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica (Incite), e se procede á súa convocatoria para o ano 2009.

Por Orde do 24 de xuño de 2009 (*Diario Oficial de Galicia* do 6 de xullo) establécense as bases para a convocatoria, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións correspondentes aos programas sectoriais de investigación aplicada, Peme I+D e I+D Suma do Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica (Incite), e se procede á súa convocatoria para o ano 2009.

No artigo 6 do anexo III da devandita orde establécense os prazos para presentar a documentación xustificativa das subvencións concedidas e para a emisión das facturas correspondentes aos gastos realizados. A data de resolución destas axudas fixo necesario modificar os prazos previstos para a súa xustificación; esta ampliación realizouse por Orde

do 10 de novembro de 2009 (DOG do 18 de novembro).

Co fin de viabilizar o proceso de xestión e dado que non se causa prexuízo a terceiros, é necesario agora realizar unha nova modificación que só afecta os proxectos plurianuais que solicitaron pagamento anticipado.

Por todo o que antecede,

DISPOÑO:

A modificación do artigo 6 do anexo III da Orde do 24 de xuño de 2009 (*Diario Oficial de Galicia* do 6 de xullo) pola que se establecen as bases para a convocatoria, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións correspondentes aos programas sectoriais de investigación aplicada, Peme I+D e I+D Suma do Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica (Incite), e se procede á súa convocatoria para o ano 2009, do seguinte xeito:

Para os proxectos plurianuais concedidos a empresas e centros tecnolóxicos de carácter privado con pagamento anticipado, amplíase o prazo de presentación da xustificación correspondente á anualidade 2009 e a data límite de realización dos pagamentos dos gastos executados ata o 30 de abril de 2010.

Santiago de Compostela, 3 de marzo de 2010.

Javier Guerra Fernández
Conselleiro de Economía e Industria

Orde do 5 de marzo de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións para a modernización de comercios situados en zonas rurais da Comunidade Autónoma de Galicia en desenvolvemento do Plan Ágora, agora Re-comercia, e se procede á súa convocatoria (IN218A-presentación electrónica).

En Galicia, durante as últimas décadas producíronse importantes cambios na sociedade rural, caracterizados en moitos casos por unha redución paulatina da oferta comercial así como pola perda da competitividade que se dá no comercio retalista situado nas zonas rurais de Galicia. Esta redución da oferta comercial vai unida en ocasións á diminución da poboación en determinadas zonas e a un envellecemento progresivo desta. Esta circunstancia provoca que a rendibilidade económica de determinadas actividades comerciais en ocasións se vexa limitada. De igual maneira, a redución da oferta comercial pode chegar a provocar dificultades de abastecemento da poboación residente. Estas circunstancias fan que o mantemento de niveis axeita-